

## CURSO DE FORMACIÓN



## ***“ACTIVIDADE ACUÁTICA TERAPÉUTICA EN ATENCIÓN TEMPERÁ”***

**29 – 30 de xuño e 1 de xullo de 2018**

**Vigo**

## CURSO DE FORMACIÓN

# **“ACTIVIDADE ACUÁTICA TERAPÉUTICA EN ATENCIÓN TEMPERÁ”**

### **INTRODUCCIÓN:**

Desde hai uns anos a actividade acuática introduciuse de forma masiva no ámbito educativo, da saúde e como non, no ámbito terapéutico infantil.

O coñecemento e actualización sobre as intervencións no medio acuático por parte dos profesionais de atención temperá é moi necesario, xa que nos permite ampliar os ámbitos de actuación e levar a cabo novas intervencións enfocadas a incrementar a participación das crianzas con alteracións no desenvolvemento nunha contorna máis lúdica e onde as familias van poder xogar un rol fundamental.

Os beneficios que nos achega este medio a nivel do desenvolvemento global é por todos coñecidos, xa que é unha intervención onde se contemplan varios compoñentes da CIF, aproveita os efectos e propiedades do medio acuático para o uso terapéutico mellorando aspectos como a aprendizaxe e control do movemento, o equilibrio, a coordinación, a práctica variada en contornas diferentes, a función manual, a forza muscular, a participación social, a diversión; pero sobre todo en atención temperá a implicación da familia na continuidade dos procesos de aprendizaxes funcionais (Practicas centradas na familia).

Aínda que, o enfoque da actividade acuática sempre dependerá do marco teórico e dos obxectivos expostos polas persoas que o leven a cabo, para nós desde a Atención Temperá, a actividade acuática é moito máis que un adestramento das alteracións motrices, é un medio facilitador de experiencias, promotor da participación do neno en actividades físicas e relacionais na contorna, de relación e comunicación entre os pais e as súas crianzas, entre pais e profesionais e entre profesionais e crianzas.

Se o marco teórico e técnico á hora de expor a actividade acuática ten en conta as características das crianzas e a súa familia e se adecúa ás súas circunstancias, respectando o tempo de adaptación, a actividade será ademais un potenciador da aprendizaxe para todos os participantes do proxecto.

Este curso deseñouse e está estruturado para ofrecer aos profesionais do ámbito da atención temperá e educación especial, (Fisioterapeutas pediátricos, terapeutas ocupacionais, logopedas, psicopedagogos, mestres de educación física, especial, infantil...), que queiran implementar as súas intervencións no medio acuático para potenciar a participación das crianzas dunha forma máis lúdica e divertida e onde a familia forme parte importante desta actividade.

O contido do curso está condicionado pola experiencia adquirida tras 30 anos de práctica clínica, de formación, actualización e especialización neste e noutros ámbitos relacionados coa atención temperá e a incorporación das prácticas baseadas na evidencia na rehabilitación pediátrica



## CURSO DE FORMACIÓN

# **“ACTIVIDADE ACUÁTICA TERAPÉUTICA EN ATENCIÓN TEMPERÁ ”**

## PROGRAMA

### OBXECTIVOS:

- Ofrecer unha ferramenta terapéutica que nos permita atender no medio acuático ás crianzas con alteracións no desenvolvemento.
- Ofrecer un modelo de intervención terapéutico que ten en conta as características individuais das crianzas e da súa contorna.
- . Ofrecer unha base teórica que permita entender a utilización das condicións físicas da auga para o traballo terapéutico
- Ofrecer mediante a práctica vivenciada na piscina a comprensión dos conceptos teóricos traballados.
- Ofrecer recursos prácticos para o correcto manexo terapéutico e lúdico das crianzas e a súa familia na auga segundo os obxectivos buscados.

### CONTIDOS:

- Visión global do desenvolvemento psicomotor do neno tanto no medio terrestre como no acuático. Características e condicións do lugar de traballo: en función do marco estrutural no que levemos a cabo a actividade teremos que poder adaptar a nosa intervención terapéutica: Centro de atención temperá, escola especial, piscina...
- Marco teórico nos que se fundamenta o noso modelo de intervención no medio acuático: A abordaxe de carácter interdisciplinar, a Clasificación internacional da función e a discapacidade ( CIF), as intervencións baseadas na evidencia en atención temperá, os conceptos da práctica psicomotriz de Bernard Aucouturier e o concepto Halliwick..
- Programación terapéutica no medio acuático individualizada A presentación de casos clínicos propostos pola docente mostrando os diferentes compoñentes: características funcionais, nivel de actividade, nivel de participación na súa vida diaria, características persoais e ambientais....
- Sesión practica entre os alumnos asistentes mediante a vivencia dos cambios posturales na auga, tipo de suxeicións, entradas e saídas da auga, traballo neuromuscular, equilibrio e desequilibrio, rotacións, desprazamentos, inmersións, respiración, etc

### RELATOR:

**Ascensión Martín Díez**

**Fisioterapeuta -psicomotricista do CDIAP Mollet. Con 30 anos de experiencia na práctica. Docente en varias Universidades Nacionais onde se imparte formación de posgrao e Master en temas relacionados coas prácticas baseadas na evidencia en Atención Temperá e fisioterapia pediátrica.; Actividade acuática Terapéutica en AT, Psicomotricidade Dinámica, Abordaxe Terapéutico da extremidade superior en pediatría en afectacións unilaterais: hemiparesia e PBO,etc.**



## LUGAR:

APAMP: R/ Pedra Seixa nº 33 (Venres e sábado), VIGO  
ASPANAEX: R/ Maestros Goldar nº 18 (Domingo), VIGO

## DATA:

Venres 29, sábado 30 de xuño e 1 de xullo de 2018

## HORARIO:

### VENRES DIA 29 DE XUÑO 2018:

15.00-15.30: Introducción, Presentación dos alumnos.

15.30-17.30: Achegas do medio acuático ás actividades terapéuticas.

17.30-18.00 DESCANSO

18.00-20.00: Características físicas do medio:

1. Propiedades físicas que nos proporciona a auga.
2. Efectos da auga sobre o corpo humano .
  - A hidrostática e hidrodinámica.
  - A flotabilidade e o afundimento.
  - A forza de empuxe.
  - Postura do corpo na auga.
  - Presión.
  - O corpo en movemento
3. A aplicación das leis físicas no traballo terapéutico.
  - A rotación vertical .
  - A rotación lateral .
  - A rotación lonxitudinal ou combinada
- 4 . Manexo por parte do profesional: suxeicións e agarres
5. Condicións do lugar de traballo.
6. Precaucións e contraindicacións.

### SÁBADO DÍA 30 de XUÑO 2018

9.00-11.30: Modelo de intervención ou metodoloxía de traballo.

- Marco referencial dos diferentes espazos terapéuticos: CDIAP , escola especial, centro privado, centro deportivo.....
- Metodoloxía de traballo.
  - Carácter global da intervención.
  - Abordaxe interdisciplinar.
  - O xogo como fin e como recurso terapéutico
  - A CIF
  - Prácticas baseadas na evidencia en Atención temperá:
    - Prácticas centradas na familia e o contorna,
    - Teoría dos sistemas dinámicos .
    - Teorías sobre a selección de grupos neuronais .



- Buscar obxectivos funcionais

11.30-12.00: DESCANSO

12.00-14.00 :

- Planificación da actividade
  - Espazo e lugar da actividade.
  - Deseño da actividade.
  - Criterios para iniciar a actividade.
  - Programa de baño.
  - Masaxe infantil.
  - Traballo individual e en grupo.

15.00-17.30:

- Obxectivos xenerais e específicos segundo características individuais.
- Control da respiración.

17.30-18.00. DESCANSO

18.10- 20.00:

- Obxectivos xerais e específicos según as características individuais
- Algunhas ferramentas de valoración no medio acuático .
- PRESENTACIÓN DE CASOS CLÍNICOS onde se requira unha análise, valoración e planificación de obxectivos aplicables no medio acuático

#### **DOMINGO 1 de XULLO do 2018:**

9.00-11.00: PRÁCTICA VIVENCIADA EN PISCINA :

Con esta práctica o que pretendemos é vivenciar de maneira o máis personalizada posible todos aqueles conceptos que se explicaron durante os diferentes días en que se deu a teoría e os conceptos esenciais para a realización da devandita actividade:

- Planificación dunha sesión: Materiais, cancións, contos, historias, xogos
- Entradas e saídas da auga.
- Suxeicións e agarres

11.00-11.30: DESCANSO

11.40-13.00: PRÁCTICA VIVENCIADA EN PISCINA:

- Traballo de equilibración en posición horizontal
- Traballo de rotación: vertical, lonxitudinal, lateral
- Traballo Neuromuscular
- Traballo de relaxación:
- Traballo para aumentar o ton
- Traballo respiratorio

13:00-13:20 Cambio de roupa

13:20-14:00 Conclusións e clausura do curso



## PRAZAS :

**Limitadas - 22** Por rigorosa orde de matriculación

## DECLARACIÓN DE INTERESE SANITARIO: SOLICITADO

### COTAS:

Ata o día 11 de maio:

- Cota de inscrición socios/as AGAT e da SEFIP: **170 €**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **190€**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **200 €**

Ata o día 15 de xuño:

- Cota de inscrición socios/as AGAT e da SEFIP: **190€**
- Cota especial: Inscrición + Asociación AGAT: **210€**
- Cota de inscrición de non-socios/as: **220 €**

### INSCRICIÓN

- Entrar en "Contacto" na páxina principal da web da AGAT: <http://www.atenciontemprana.com>
- Cubrir o formulario poñendo os vosos datos personais, profesión e lugar de traballo
- No apartado "email" poñede, por favor, o voso enderezo electrónico, para poder enviarnos notificacións.
- Na ringleira de "asunto" escribir "Inscrición Curso **"Actividade acuática terapéutica en Atención Temprana"**
- **E no apartado de Mensaxe especificade se sodes "Socios/Non socios"**
- Finalmente premer (pinchar) no botón "Enviar".
- Inmediatamente recibiredes unha mensaxe automática de saída da vosa solicitude.
- Posteriormente, un correo de "AGAT Formación" ([formacion@atenciontemprana.com](mailto:formacion@atenciontemprana.com)) vos confirmará da recepción da vosa solicitude e vos informará de que para formalizar a matrícula tedes que ingresar a cota correspondente na conta **no prazo dunha semana** (en caso contrario perderase a praza) :

C/C da AGAT **2080 0553 50 3040005038** ABANCA

- A admisión ao curso será efectiva cando recibades outro correo de "AGAT Formación" **confirmando** o ingreso da vosa cota de inscrición na conta da AGAT.

### INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

[atenciontemprana@atenciontemprana.com](mailto:atenciontemprana@atenciontemprana.com)

[agat@atenciontemprana.com](mailto:agat@atenciontemprana.com)

Tfno. 698 124 611

<http://www.atenciontemprana.com>